


TUTORIAL PARA FACER PREGUNTAS MASIVAS PARA A AULA VIRTUAL MOODLE DO INSUA BERMÚDEZ

1.- Paso Abride un Documento de texto. Clicades co pulsador dereito do rato no escritorio do ordenador e aparécevos esta xanela.




Clicades co pulsador dereito do rato en “**Novo**”.

Sairán varias opcións e elixides co pulsador esquerdo do rato “**Documento de Texto**”.


2.- Agora que temos un Documento de Texto. Terá este aspecto:

Nomeádeo con este modelo de nome: ExameÁreaTemaAlumno/a

Exemplo: ExameCCSS6Tema6Manolo



3.- Gardar como formato UTF-8 este documento de texto. Archivo / Gardar como /Codificación / UTF-8.



Clicamos co pulsador esquerdo do rato en **Archivo / Gardar como**

Imos á parte de abaixo da xanela e en **Codificación** eliximos o formato **UTF-8** para que sexa compatible con moodle, a nosa aula virtual, normalmente por defecto aparece ANSI, e non funcionaría.

4.- Redactar as preguntas de resposta múltiple cunha resposta correcta. Para isto necesitaremos meter algúns símbolos especiais nas preguntas. Faremos un exemplo:

Que é a Ilustración? {= Movemento cultural do século XVIII que defendía a creación dunha nova ciencia baseada na razón.

~ Acción e efecto de iluminar unha estancia ou escena de fotografía, cine ou teatro.

~ Acción e efecto de crear grafismos: imaxes, debuxos, infografía... para complementar e ampliar ás palabras ás que acompañan.}

A que grupo de seres vivos pertencen os fungos? {= Terceiro Grupo de Seres Vivos.

~ Primeiro Grupo de Seres Vivos.

~ Segundo Grupo de Seres Vivos.

~ Cuarto Grupo de Seres Vivos.

~ Quinto Grupo de Seres Vivos.}


Como escribir no teclado estes símbolos e significado de programación do código:

{ *Escríbese tecleando dúas teclas á vez, (AltGr+ Abrir Corchete).* Alt Gr + { Indica que comezan as respostas da pregunta.

} *Escríbese tecleando dúas teclas á vez, (AltGr + Pechar Corchete)* Alt Gr + } Indica que rematan as respostas da pregunta.

= *Escríbese tecleando dúas teclas á vez, (Shift/Maiúsculas + Igual)* Mayús + = Indica que esta resposta será verdadeira.

~ *Escríbese tecleando dúas teclas á vez, (AltGr + 4)* Alt Gr + 4 Indica que esta resposta será falsa.



- Caracteres
- Teclas de función
- Intro
- Teclas especiais
- Teclado numérico
- Outras
- Tecla de aplicación
- Teclas de dirección

5.- Consellos para redactar as preguntas.

- É mellor facer as preguntas despois de dominar o tema e facer tódalas tarefas, incluso despois de probar a facer varios exames.
- **Inspírate** nos **cadros resumo**, nos **esquemas** e nos **exercicios das leccións**. Ponlle unha única resposta verdadeira, engade respostas case verdadeiras o de verdade a medias con algunha falsidade para que sexa difícil, engade respostas graciosas erróneas ou verdadeiras para que o exame sexa máis ameno.
- Deixade unha **liña de espazo entre pregunta e pregunta**, aínda que non é necesario axuda e ver mellor cando temos moitísimas, pensade que temos bases de datos de 100 preguntas nos temas.


- Pódense engadir **imaxes editadas** e facer **preguntas das imaxe**, nese caso envía a imaxe co exame ao meu correo electrónico: susoeffinsua@gmail.com . A partires dunha imaxe editada sacamos moitas preguntas. Pensa Nas partes anatómicas do corpo humano, das plantas, animais, flores, fungos, xeografía: ríos, montañas, provincias, comunidades, países, capitais... da moitísimo xogo.



Cal é a **CAPITAL** de **FRANCIA**? {= 21 París. ~ 22 Andorra ~ 13 Dinamarca ~ 5 Rusia ~ 12 Alemaña }

Que número ten a **CAPITAL** de **FRANCIA**? {= 21. ~ 22. ~ 13. ~ 5. ~ 12. }

- *As cores nos símbolos soamente teñen efecto pedagóxico, no documento de texto non se poden poñer cores.



Que número representa a **TRÁQUEA**? {= 3. ~ 1. ~ 13. ~ 5. ~ 7. }

Que número representa ao **PULMÓN**? {= 4. ~ 1. ~ 13. ~ 5. ~ 7. }

Que número representa aos **BRONQUIOLOS**? {= 7. ~ 4. ~ 1. ~ 13. ~ 5. ~ 7. }

Ao final ao ver as nosas preguntas no exame é moi espectacular e moi emocionante, entre todos sairán preguntas moi chulas e ao facer preguntas aprendemos moito sen nos dar conta.